



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 5 DE SETEMBRO DE 2011.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día cinco de setembro de dous mil once; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don José Ignacio Gómez Pérez, Don Javier Iglesias Sendín e Don José Prieto Pérez (non asiste).

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.
Está presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 29 de agosto do dous mil once.

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-

Non houbo.-

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Comunicación da Deputación Provincial de Ourense con data RE 30 de agosto de 2011 N° RE 4345, relativo a compensación de deudas co Concello de Ribadavia.
2. Comunicación da Confederación Hidrográfica del Miño-Sil con data RE 1 de setembro de 2011 N° RE 4376, relativo a Expediente sancionador incoado contra Aqualia, Gestión Integral del Agua, S.A. y Ayuntamiento de Ribadavia por incumplimento de las condiciones establecidas en la autorización V/3200120, otorgada por resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte de fecha 19/06/1998, originando unos daños valorados en 475,20 €, en Francelos, en el término municipal de Ribadavia (Ourense).



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

3. Comunicación da Xefatura Territorial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza con data RE 1 de setembro de 2011 N° RE 4379, relativo a incoación de expediente sancionador incoado ao establecemento MEU.
4. Comunicación da Consellería de Traballo e Benestar con data RE 31 de agosto de 2011 N° RE 4363, relativo a reintegro de cantidade non xustificada en relación co expediente Grupo de Apoio as Actividades da Escola Deportiva Municipal.
5. Comunicación da Confederación Hidrográfica del Miño-Sil con data RE 22 de agosto de 2011, relativo a subsanación de documentación do expediente do “Regato da Rega”.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

SOLICITUDE DE SUBVENCIONS.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aproba-lo proxecto, ó obxecto de solicita-la correspondente subvención o abeiro da Orde do 29 de xullo de 2011, da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se convocan no ámbito da colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2011.”

APROBACIÓN DE BASES DE SELECCIÓN DE PROFESOR DE MÚSICA.-

Dase conta por parte do Secretario da proposta de alcaldía de data 2 de setembro de 2011 relativa a aprobación dunhas bases para selección de persoal para cubrir unha praza de Profesor de Música.

No expediente constan os seguintes elementos:

- 1º.- Bases de selección asinadas polo Alcalde en data de 02.09.2011.
- 2º.- Informe xurídico de data 02.09.2011.

A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular acorda por unanimidade dos seus asistentes proceder a aprobación e convocatoria das Bases de selección de persoal laboral temporal para cubrir unha praza de Profesor de Música.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.